



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA O COMITÉ EDUCATIVO DE PERSOAS EXPERTAS PARA AFRONTAR A EMERXENCIA SANITARIA DERIVADA DA PANDEMIA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, en relación co proxecto de *Orde pola que se crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da Pandemia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, emito o seguinte INFORME:

1. Marco normativo e competencial:

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

A Orde do 28 de agosto de 2020, ademais de modificar o citado acordo, dispón a publicación da Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21.

A competencia do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para ditar a presente orde despréndese do establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en vigor mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida no devandito Decreto 110/2020.

2. Necesidade e oportunidade:

Para dar resposta ás situacións e casuísticas que necesariamente xorden nos centros educativos derivados do seu normal funcionamento nunha situación excepcional, é necesaria unha avaliación e proposta de axuste constante, polo que se crea este órgano colexiado.

O Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da Pandemia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade terá como ámbito de actuación os aspectos relativos á adaptación do sistema educativo á situación de pandemia derivada da covid-19, co fin de que sexan abordados con rigor científico e de xeito colexiado desde ópticas educativas complementarias, en coordinación con outros comités científicos e autoridades sanitarias.





A constitución e o funcionamento deste órgano colexiado non suporá en ningún caso un incremento do gasto público e non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

3. Estrutura e contido:

O presente proxecto de orde consta dunha parte expositiva, cinco artigos, catro disposicións adicionais e unha única disposición derradeira, co seguinte contido:

- O artigo 1 dispón a creación e adscrición do Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da Pandemia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- O artigo 2 establece a composición do comité.
- O artigo 3 establece o seu ámbito de actuación.
- O artigo 4 establece as súas funcións.
- O artigo 5 refírese ao seu réxime de funcionamento.
- A disposición adicional 1ª refírese á súa incidencia no gasto público e nos créditos orzamentarios asignados á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da constitución e funcionamento do comité.
- A disposición adicional 2ª lembra a obriga de confidencialidade dos membros do comité e das persoas que participen nel.
- A disposición adicional 3ª establece a obriga de atender ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.
- A disposición adicional 4ª sinala o prazo máximo de constitución do comité.
- A disposición derradeira establece a entrada en vigor da orde.

4. Tramitación:

A Lei 16/2010 regula no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 recolle a fase inicial e sinala que a elaboración das anteditas disposicións será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellería na que aquel estea encadrado. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteprojecto pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A documentación que corresponde a esta fase é a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade de data 9 de setembro de 2020, de inicio do presente procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteprojecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.





- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería de Cultura de 9 de setembro de 2020.
- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade de data 9 de setembro de 2020, de aprobación inicial do texto como proxecto de orde.

Non consta o certificado de consulta pública previa que esixe o artigo 41.2, dado que se trata dun regulamento sobre cuestións organizativas.

Logo de finalizar esta fase do procedemento, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010. Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral de Igualdade —emitido o 10 de setembro de 2020— e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos —emitido o 10 de setembro de 2020—. Non se considera necesario, segundo o artigo 42.7, o pronunciamento dos departamentos competentes en materia de administracións públicas e emprego público dado que a norma en cuestión non afecta nin á estrutura orgánica da Consellería, nin ao réxime de persoal, nin a métodos de traballo, nin a procedementos a instancia de parte.

Conforme ao establecido no artigo 42.6 da Lei 16/2010, tampouco é necesario nesta fase intermedia someter o proxecto de orde á audiencia dos grupos ou sectores da cidadanía previstos no artigo 42.3, nin a información pública, xa que se trata dun regulamento sobre cuestións organizativas.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade informou o proxecto de orde o 14 de setembro de 2020, de conformidade co artigo 43.1 da Lei 16/2010, en sentido favorable, sen prexuízo das observacións feitas —e xa emendadas— referidas á falta no expediente do texto do anteprojecto de orde e do informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería.

Por todo o exposto, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, INFORMO favorablemente o proxecto de *Orde pola que se crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da Pandemia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, ao considerar que se axusta á legalidade vixente, para a súa aprobación definitiva polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Manuel Vila López

(asinado electronicamente)

